

INSTRUCCIÓN 3/2007 DA SECRETARÍA XERAL DA USC SOBRE ACTAS DE MATERIAS SOMETIDAS A PRELACIÓN

Na Resolución Reitoral do 17 de setembro de 2002 establécese que os alumnos que superen unha materia no primeiro cuadrimestre, e estean pendentes de exame na materia que fai prelación no segundo cuadrimestre, figurarán coa mención "sen cualificar".

Nas actas do primeiro cuadrimestre deben figurar todos os alumnos, tanto que teñan superada a materia con prelación como os que a teñen pendente para o segundo cuadrimestre. Sen embargo, para estes últimos alumnos que a teñen pendente, considérase necesario diferenciarlos, polo que se ben deberán figurar na acta coa mención "sen cualificar", no momento en que a superen no segundo cuadrimestre elaborárase un acta complementaria na materia con prelación.

Polo anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral dita a seguinte

INSTRUCCIÓN

Os alumnos matriculados nunha materia do primeiro cuadrimestre e que estean pendentes de exame nunha materia do segundo cuadrimestre, que fai prelación desa materia, figurarán no primeiro cuadrimestre nunha acta de exame diferenciada dos demais alumnos que xa teñen superada a materia que fai prelación, e coa mención "sen cualificar".

No segundo cuadrimestre emitirase unha acta complementaria, de conformidade co que se dispón na Resolución Reitoral do 17 de setembro de 2002.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008

A Secretaria Xeral,



Isabel García-Rodeja Gayoso

SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR – SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA – SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS – SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS – SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDIMENTO.